



Santiago de Compostela, 16/04/2009.

Estimado compañeiro/a:

A Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria (AGEFEC) ten entre os seus obxectivos mellorar a capacitación científica dos enfermeiros de Atención Primaria para ofertar aos usuarios uns cuidados baseados na mellor evidencia científica e no rigor metodolóxico. Neste contexto está a realizar unha serie de actividades formativas e entre as programadas para a primeira metade deste ano atópase un

## **"OBRADOIRO BÁSICO DE SUTURAS PARA ENFERMEIROS DE ATENCIÓN PRIMARIA"**

Dito obradoiro, de **6 horas** de duración, levarase a cabo os días **12 e 13 de maio** do presente ano, das 16:30 ás 19:30 horas, na aula de docencia sita na planta baixa da **Delegación de Sanidade na Avenida de Vigo nº 16 de Pontevedra**. Está dirixido a enfermeiros e enfermeiras preferentemente de atención primaria (25 prazas) e **ten solicitada a acreditación no Sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia**.

O obxectivo xeral deste Obradoiro é *"Mellorar os coñecementos e habilidades dos enfermeiros con respecto as suturas cutáneas e en relación ao material de suturas dos que se dispón nos Centros de Atención Primaria"*.

A **inscrición é gratuíta** e pódese levar a cabo descargando o boletín de inscrición da páxina web da AGEFEC [www.agefec.org](http://www.agefec.org) e unha vez cuberto hai que remitilo antes do 8 de maio a seguinte dirección:

**Dona Aurelia Constenla Castro**  
**Centro de Saúde de Lérez**  
**C/ Puerta del Sol, nº 35**  
**36156 - Pontevedra**

**Teléfonos: 986871496 – 986871426 – 986873943, FAX: 986871919 Ou por Correo Electrónico: [aurelia.constenla.castro@sergas.es](mailto:aurelia.constenla.castro@sergas.es)**

Asinado:  
Dona Mª Isabel Veiguela Martínez  
Presidenta da AGEFEC